

Aos Medios de Comunicación

No día de onte a empresa CELTA PRIX comunicounos que, unha vez reunido o seu Consello de Administración, tomara a decisión de non readmitir ao bombeiro despedido do Parque Comarcal do Morrazo.

Os bombeiros do Morrazo anuncian que non van consentir esta actitude ditatorial da empresa amparada e avalada con absoluta complicitade polo Presidente da Deputación de Pontevedra sobre o despido de Pablo Álvarez.

A suposta mediación dos señores Rafael Louzán e Enrique Sotelo non foi máis que unha pose cara a prensa; xa durante “mediación” defenderon a actitude e a postura da empresa.

Haberá mobilizacións máis contundentes. Non pararemos ata que estes políticos (i)responsables da xestión privada obriguen á empresa concesionaria a readmitir ao traballador deste servizo público despedido, como di a sentenza do Xulgado do Social N°3 de Pontevedra, IMPROCEDENTEMENTE.

Agora, coa xestión privada do servizo, as empresas xa poden despedir a quen lle sexa molesto. Non esquezamos que, para acceder a este posto de traballo, os bombeiros tiveron que superar unha serie de probas. Probas que as administracións implicadas no proceso de selección de persoal decidiron. Esas probas serviron para escoller as persoas que foron quen de demostrar que estaban capacitadas para o desenrolo do traballo que se lles esixía. Agora todo iso non ten importancia. É a empresa quen decide quen lle vale e quen non lle vale. Iso si, as indemnizacións por despido pagámolas todos e todas os cidadáns. Que ninguén esqueza que estas empresas viven dos cartos que reciben das administracións que lles pagan, é dicir: dos nosos impostos.

Agora cos nosos cartos tamén se contribúe (e se premia) destrución de emprego. E despois o PP di que eles saben como crear emprego ¡pois vaia unha maneira de demostralo!

O Consorcio Contra incendios e a Deputación son os máximos responsables do servizo como así o establece a lei. Eles serán, a partires de agora, os responsábeis da creación de servizos de bombeiros de ett's.

Este é o marabilloso sistema (insistimos: UNICO en todo o Estado Español) que estes grandes políticos que nos representan queren impoñer na nosa comunidade. ¿E pretenden convencernos de que este é un sistema de xestión mais económico?; para as empresas sen dúbida ningunha, para os cidadáns...

Xa estamos fartos de que unicamente Celta Prix considere os feitos do despido como moi graves. Si isto fose así ¿por que non actuaran cando son coñecedores (a empresa e a Deputación) doutros moitísimo mais graves cometidos polo Xefe do Parque e persoa de confianza de Celta Prix?

Os feitos aos que nos referimos son, entre outros:

- Condución dos vehículos do servizo sen dispor do permiso de conducir para este tipo de vehículos (requisito indispensable para traballar no parque de bombeiros) Agravándose este feito ao facelo en servizos de urxencia utilizando sinais acústicos e luminosos sen dispor tamén da autorización que o habilita transportando a persoas alleas ao servizo e a empresa. É unha práctica habitual levar amigos de paseo nos vehículos do servizo, acudindo con estes ás revisións a concesionarios oficiais, a ITV, etc.

- Pernota no parque de bombeiros do Morrazo, durante varios días, de persoas alleas ao servizo e a empresa concesionaria do mesmo, entregando roupa de cama a este “convidado” sabendo que parte do cadro de persoal aínda non dispuña da mesma.

- Obriga aos bombeiros de garda a realización de prácticas coa participación de persoas alleas ao servizo e a calquera servizo de urxencia. Prácticas complexas, de gran risco e non exentas de perigo como subir e baixar a autoescaleira do servizo sen arnés de suxeición, prácticas de rappel, prácticas de rescate baixo vehículos con coxíns pneumáticos, etc.

O xefe do servizo proporcionaba roupa e material do servizo, e polo tanto do Consorcio, a esta persoa allea ao mesmo.

- Ordenar a saída dos bombeiros do servizo a intervencións que non eran solicitadas por ningún medio legal. A orde de saída era debida a escoltas realizadas polo xefe de servizo a través dun escáner, aparello ilegal para este comportamento. Moitas destas saídas eran ao concello de Cangas onde posteriormente habería problemas coas competencias de protección civil

- Producir desperfectos nos vehículos do servizo para posteriormente non arranxalos. Exemplos como o Bul 12 cun furado na parte traseira da cabina con máis dun ano de antigüidade, producido mentres o xefe o levou a unha revisión oficial. Un golpe no bnp 13 debido a que os bombeiros foron embestidos por un vehículo de protección civil de Moaña durante unha intervención vai xa para dous anos. Dito golpe nunca se arranxou polo que os desperfectos do vehículo aumentan co paso do tempo con óxido e caída de pintura.

- Precintar o sistema de calefacción das instalacións do parque de bombeiros, danando a mesma, arrancando os reloxos de dita instalación.

- Inutilizar puntos de luz nas instalacións e manipular outro tipo de aparellos do parque. Isto producía en moitas ocasións falta de auga quente e problemas coa caldeira.

- Etc.

De todos e cada un destes feitos foron puntualmente informados tanto a Empresa como o Consorcio. Non hai nin resposta por parte da Empresa nin reacción por parte do Consorcio. E aínda se atreven a dicir, uns e outros, que o despido non responde a motivos de represión sindical...